



**ACTA DA REUNION DA XUNTA ELECTORAL, PARA ELECCIONS A MEMBROS DA ASAMBLEA XERAL, PRESIDENTE E COMISION DELEGADA DA FEDERACION GALEGA DE TIRO OLIMPICO, CELEBRADA EN LUGO, NA SE FEDERATIVA, O DIA VINTESEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZAOITO**

En Lugo, a vinteseis de outubro de dous mil dezaeito, na Sé da Federación Galega de Tiro Olímpico, con enderezo na Avda. da Infanta Elena Duquesa de Lugo, s/n (casa do deporte), en cumprimento do disposto no vixente Regulamento Electoral reúnen os membros da Xunta Electoral, para a proclamación definitiva de candidaturas a Presidente e Comisión Delegada.

**ASISTENTES:**

Presidente: D. Yago Lanzós Gesto  
Vogal: D<sup>a</sup>. Iria Rancaño Otero  
Secretaria: D<sup>a</sup>. Pilar Vidal Barrio

Da comezo a reunión, recordando o Presidente da Xunta electoral, que segundo consta na acta de data 10 de outubro en curso, A Xunta electoral proclamou provisionalmente as seguintes candidaturas a Presidente da Federación Galega de Tiro Olímpico:

FAJARDO DE ANDRADE SCHACHTER, JOSE MARÍA  
RIVAS IGLESIAS, JULIO

Á vista do anterior, procédese por parte dos membros da Xunta electoral á proclamación definitiva das candidaturas presentadas a presidente da Federación Galega de Tiro Olímpico, aprobándose tamén o modelo de papeletas, por unanimidade.

O Presidente manifesta que segundo consta na acta de data 10 de outubro en curso, A Xunta electoral proclamou provisionalmente as seguintes candidaturas a membros da Comisión delegada, por entidades deportivas, como sulíña o Artigo 25.2 do vixente Regulamento electoral.

CLUB OLÍMPICO EIROAS  
CLUB SAN FROILÁN DE LUGO  
CLUB COSTA LUCENSE  
REAL AEROCLUB DE LUGO  
CLUB DEPORTIVO OS CENTOLOS  
CLUB SOCIEDADE DE TIRO OLÍMPICO SANTIAGO  
CLUB DE TIRO CERNADIÑAS NOVAS

Á vista do anterior, procédese por parte dos membros da Xunta electoral á proclamación definitiva das candidaturas presentadas a membros da Comisión delegada da

Federación Galega de Tiro Olímpico, aprobándose tamén o modelo de papeletas, por unanimidade .

O Presidente recorda que segundo consta na acta de data 10 de outubro en curso, a Xunta electoral proclamou provisionalmente as seguintes candidaturas a membros da Comisión delegada (tres membros), en proporción a súa respectiva representación na asemblea xeral, elixíndose esta representación por e de entre os mesmos, Artigo 25.2 do vixente Regulamento electoral..

RUIBAL ABILLEIRA, MANUEL  
FERREIRO RODRÍGUEZ, JESÚS  
GAGO CEA, MIGUEL

Á vista do anterior, procédese por parte dos membros da Xunta electoral á proclamación definitiva das candidaturas presentadas a membros da Comisión delegada da Federación Galega de Tiro Olímpico. Non se confecciona papeletas de votación ao coincidir o número de candidaturas cos postos a ocupar na Comisión delegada. aprobouse por unanimidade.

Con data 23 de outubro en curso, recibese providencia do Comité Galego de Xustiza Deportiva, sobre reclamación de D. Julio Rivas Iglesias, como candidato a presidente da Federación Galega de Tiro Olímpico, (no sucesivo FEGATO); D Carlos Bermudez Cociña, como membro da asemblea xeral da FEGATO; Dona Margarita García Penelas, como membro da asemblea xeral da FEGATO, contra resolución da xunta electoral da FEGATO de 17 de outubro, que resolve as reclamacións á proclamación provisional de candidaturas a presidente e comisión delegada. Con data 24 de outubro en curso, remiteselle informe ao Comité Galego de Xustiza Deportiva.

Esta Presidencia reiterase no manifestado ao requerimento do Comité Galego de Xustiza Deportiva, para non admitir as reclamacións presentadas en base as seguintes consideracións:

D. Carlos Bermúdez Cociña, en contra do que manifesta, non é membro da asemblea xeral da FEGATO, senón o clube que preside “Club de tiro Costa Lucense”, polo estamento de clubes da modalidade de precisión.

Dona Margarita García Penelas, en contra do que manifesta, non é membro da actual asemblea xeral da FEGATO.

A Xunta electoral, na súa reunión de data 10 de outubro en curso, para a “proclamación provisional de candidaturas a Presidente e Comisión Delegada”, acordaron, por unanimidade, admitir as candidaturas presentadas.

O Artigo 7 do vixente Regulamento electoral, establece os requisitos que deben cumprir os candidatos a Presidente da Federación e Comisión Delegada:

O Feito de formar parte dunha mesa electoral, como interventor, non sendo candidato a membro da Asemblea Xeral por ningún estamento, non está entre os requisitos excluíntes á candidatura de Presidente da Federación.

D. José María Fajardo de Andrade Shcachter non presentou candidatura a membro da Asemblea Xeral por ningún estamento, polo tanto non era candidato nas eleccións a membros da asemblea celebradas o pasado 22 de setembro, cumprindo así co Artigo 9.3 do Vixente Regulamento, relativo aos interventores de mesa, que establece: Non poderán formar parte da mesa electoral as persoas candidatas a membros da asemblea xeral.

Con data vinteseis de outubro en curso, o Comité Galego de Xustiza Deportiva, resolve desestimar os recursos presentados por D. Julio Rivas Iglesias, D. Carlos Bermudez Cociña e Dona Margarita García Penelas.

Como consecuencia, e dando cumprimento ao disposto no Artigo 21.7 e 8, a Xunta electoral procedeu, con esta data, á proclamación definitiva de candidaturas a Presidente e Comisión delegada da Federación Galega de Tiro Olímpico.

Con data 19 de outubro, a proposta de D. Julio Rivas Iglesias, realizase un requiremento notarial, no que se solicita á Secretaria da FEGATO, se chegou á Federación o escrito de cese de D. José María Fajardo de Andrade y Shcachter como membro da Comisión Xestora, e por qué medio, ao que se lle contesta que foi presentado, presencialmente, na Delegación da Federación en A Coruña con data 27 de setembro.

Con data 23 de outubro en curso, D. José María Fajardo de Andrade y Shcachter, presenta escrito perante a xunta electoral, no que manifesta, entre outras cousas que: Padezco una situación de indefensión dado que en ningún momento del procedimientto se me han pedido aclaraciones o derecho de réplica, aseverando Dña. Pilar lo que considera sin mi opinión. Pido que esta situación cese inmediatamente.

Eu, Dona Pilar Vidal Barrio aclara que no pretendeu en ningún momento deixar al Sr. José María Fajardo de Andrade y Schachter en situación de indefesión, sólo solicitei ó poder emitir un voto particular ,algo ó que me ampara o dereito,e argumentado en base o que pon o reglamento, en ningún caso é algo persoal como D. José María Fajardo de Andrade y Schcachter insinua.

A Secretaria da Federación Galega de Tiro Olímpico, remite escrito ao Presidente da Xunta electoral, no que manifesta, entre outras cousas o seguinte:

Que a Secretaria da Xuna electoral, presentouse na tarde de onte, ás 16:30 horas na sede da Federación e e tamén da Xunta electoral, para solicitarme copia de la siguiente documentación:

“Reclamación de Carlos Bermudez Cociña, presentada el día 22 de octubre de 2018 con nº de registro de entrada 188;Reclamación de Margarita Mª García Penelas, presentada el día 22 de octubre de 2018 con nº de registro de entrada 187; Reclamación de Julio Rivas Iglesias, presentada el día 22 de octubre de 2018 con nº de registro de entrada 186 e Documento de cese de la Comisión Gestora de D. Jose Mª Fajardo de Andrade Schachter”.

Todas estas copias que lle facilitei foron sacadas fora da devandita sede. Tamén solicítoume que lle imprimiera un correo que me enviou o Presidente da Xunta electoral, e perante a miña negativa a facilitarlle un correo particular, amenazoume con que me enviaría a un fiscal a solicitarme a información, no entiendo as amenazas que me profireo, cando sempre facilitei toda a documentación que me solicitó a Xunta electoral. Sintome na obria de poñello en coñecemento do Presidente da Xunta electoral.

Eu Doña Pilar aclara que o mail solicitado a Dona Leticia non é un correo particular senon un correo co borrador da acta do día 17 que Don Yago remite os outros membros da xunta electoral, tampouco houbo ningunha ameaza, como Dona Leticia dice, senon que literalmente lle preguntei se llo tiña que pedir un xuez, pensó que estou no meu dereito de que me de un mail que vai dirixido a xunta electoral.

O Presidente recorda que o Artigo 5.g) do vixente Regulamento electoral, entre as obrigas dos membros da Xunta electoral esta o de: Custodiar a documentación correspondente a todo o proceso electoral, excepto o que non lle corresponda do procedemento do voto por correo, ata a súa finalización que será cando remate o prazo para a impugnación da toma de posesión da presidencia da federación.

O presidente e a vogal desta xunta electoral manifestan que descoñecían totalmente este proceder da secretaria da xunta electoral, polo tanto desentendémonos de calquera reclamación que poda haber en canto a saída de datos da sede da xunta electoral.

Con data 25 de outubro D. Julio Rivas Iglesias, presenta escrito no rexistro da Federación, solicitando el documento de cese de D. José María Fajardo de Andrade Schachter, como membro da Comisión Xestora.

Esta presidencia estimou non proporcionarlle o dumento solicitado, ao considerar que é un escrito presentado por terceiros e que o Regulamento electoral non establece facilitar documentación dun candidato a outro.

De tódolos xeitos, con data 19 de outubro, a proposta de D. Julio Rivas Iglesias, realizase un requerimento notarial, no que se solicita á Secretaria da FEGATO, se chegou á Federación o escrito de cese de D. José María Fajardo de Andrade Shcachter como membro da Comisión Xestora, e porque medio, ao que se lle contesta que foi presentado, presencialmente, na Delegación da Federación en A Coruña con data 27 de setembro.

E sendo as 20:00 horas, levántase a sesión que se constata na presente Acta

A Secretaria da Xunta Electoral

Asdo. Pilar Vidal Barrio

Vº e Prace  
O Presidente da Xunta Electoral,



Asdo.: Yago Lanzós Gesto